


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

4-5 de marzo do 2023

## II CORESMA A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

♪ n° 7 *Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, no evanxeo, algúns dos apóstolos teñen unha experiencia moi especial: atopan no alto do monte a realidade gloriosa de Xesús, a súa Transfiguración.

Para asistir a ese luminoso encontro, seguírono monte arriba, e aínda que estaban cheos de sono foron capaces de contemplar, participar e sentirse moi a gusto. Van dicir “que ben se está aquí”.

Se os apóstolos quixeran unha vida acomodada quedaríanse abaixo, sen o esforzo de subir o monte; ou quedaríanse arriba, lonxe de todo, a gusto, con Xesús e os profetas, sen nada máis de que preocuparse.

Pero non vai poder ser porque Xesús vai convidar a deixar de lado as COMODIDADES, vai dicir que hai que baixar á realidade do mundo, porque a vida faise dende o ESFORZO E A LOITA cos pes a terra.

Hoxe, para chegar a este compartir de fe deixamos atrás comodidades, e da man de Xesús esforzámonos para refacer os camiños da paz.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Hai persoas que coas súas palabras e feitos dan luz ao noso camiñar. Nós, moitas veces, pola nosa comodidade, estamos lonxe de poder ser luz e exemplo. Por iso agora pómonos nas mans do Pai, que sempre perdoo. Xuntos rezámoslle:*

*Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.*

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión, nin paz nas súas vidas. A todos, o Señor, nos conceda o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe escandalizados con Ucraia, e doídos co terremoto en Turquía e Siria.*

(Silenzio)

**Celebrante:**

Señor, noso Pai, Ti que nos convidas a escoitar a voz do teu Fillo, alenta coa túa Palabra a nosa fe e purifica os ollos do noso espírito, para que poidamos desfrutar da contemplación da túa gloria, e para que poñamos da nosa parte os esforzos de refacer a paz, neste momento que se ve ameazada.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *A Palabra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida pois alónxannos de Deus e dos demais.*

*Alónxanos a violencia e a guerra escandalosa que se vive en Ucraia.*

*Alónxanos o medo aos emigrantes e refuxiados dos que nos fala a lectura na persoa de Abrám.*

*Alónxannos as comodidades coas que moitas veces queremos vivir. Era o que pretendían os apóstolos.*

*Escoitemos o que esta Palabra nos aconsella.*

No Leccionario I—A páxina 61 Xen 12, 1-4 LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

O Señor díxolle a Abram:

- "Vaite da túa terra, da túa patria, do teu clan, á terra que eu che mostrarei.

Eu farei de ti un pobo grande, bendicireite e dareiche un nome sonado, que será exemplo de bendición.

Bendicarei a quen te bendiga, maldicarei a quen te maldiga.

Os pobos todos da terra chamaranse benditos no teu nome".

Abram púxose ao camiño, conforme lle dixera o Señor.

### Palabra do Señor

🎵 **nº 41 Quen nos vai separar de Ti**

SALMO

(en pé) No Lecc I A páx 62 Mt 17, 1-9 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Colleu Xesús a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto. Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol, e os seus vestidos viraron brancos coma a luz. Nisto apareceron Moisés e mais Elías falando con el. Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

- ¡Señor, que ben estamos aquí! Se queres, farei aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías.

E aínda estaba falando cando apareceu unha nube luminosa que os cubriu; e unha voz saíndo da nube dixo:  
- Este é o meu Fillo benquerido, o meu predilecto: escoitádeo.

Ao escoitaren isto, os discípulos caeron debruzados, cheos de temor. Xesús achegándose, tocounos e díxolles:  
- ¡Erguédevos, non teñades medo!

E levantando os ollos, non viron a ninguén fóra de Xesús.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles:

- Non lle faledes desta visión a ninguén, ata que o Fillo do Home resucite de entre os mortos.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propomos nesta segunda semana da Coesma con “dona coesma”?

Con ela seguimos descubriendo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

A semana pasada arrincábase a perna da tentación de ter e poder sobre os demais, a tentación do egoísmo e a envexa. Tamén cosíamos o remendo da COMPRENSIÓN E A PAZ.

Hoxe arrincámoslle á nosa coesma esta perna. (Arrincamos a perna da 2ª coesma). É a perna do pretender vivir comodamente e sen implicarnos en nada máis que no meu.

No evanxeo os apóstolos queren quedarse alí, non queren baixar do monte porque están moi a gusto. En cambio Xesús pide deixar a comodidade, abaixarse e achegarse á realidade, aínda que sexa dura e escandalosa como en Ucraia.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coesma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella). Acabamos de coser na saia da dona coesma o remendo da actitude do ESFORZO E A LOITA.

Temos arrincado algo que nos sobra, as comodidades, o “iso non é problema meu”, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a remendamos con ESFORZO E LOITA.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
*Celebrante* Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida dende o **ESFORZO E A LOITA**, compartimos a fe. Dicimos:

♪ **SI CREEMOS**

*Monitor/a:*

Credes en Deus, Pai e Nai,  
que con misericordia nos acolle e nos perdoa,  
e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,  
que nos convida a ser esforzo e loita para os demais  
compartindo e fuxindo de acomodarnos?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito Santo,  
que nos alenta para vencer as comodidades,  
para implicarnos máis alá do “iso non é problema meu”  
porque a vida é implicarnos  
CON ESFORZO E CON LOITA?

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,  
a comunidade dos homes e mulleres  
que queremos facer nosa a PASCUA de Xesús,  
e por iso non podemos entender, nin esta,  
nin ningunha guerra?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante: Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas comodidades, necesitados do esforzo e a loita, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos*  
**PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

### *Monitor/a:*

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coesma como tempo de **ESFORZO E LOITA**. Oremos
- ✓ Polas xentes de Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor implicándonos. Oremos
- ✓ Por todas as persoas e pobos que en Turquía e en Siria están pasando uns momentos tan amargos e duros por un terremoto que se levou a vida. Oremos
- ✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados. Oremos

*Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para chegar da coesma á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

*Celebrante: Imos rezar dicindo: “veña a nós o teu Reino”, pero sabendo que Deus conta coas nosas mans para construílo. O Reino é seu, pero facelo é cousa nosa. Xesús ensinoulle aos apóstolos a facelo loitando e fuxindo das comodidades. Recemos conscientes da paz pola que necesitamos loitar:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

*Celebrante: Temos ante nós querer unha vida cómoda e acomodada, deixando de lado aos refuxiados porque esas persoas non son problema meu.*

*Temos ante nós querer implicarnos no esforzo e na loita a prol da igualdade e a dignidade da muller.*

*Nós, que preferimos: acomodarnos ou implicarnos?.*

### COMUÑÓN

*Celebrante: Participar nesta celebración de hoxe é vivir fuxindo das comodidades. É esforzarnos e loitar por un mundo mellor con Xesús á nosa beira e da nosa parte. Ditosos nós por facer camiño de coesma e compartir este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

**CANTO n° 41 Quen nos vai separar de Ti**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, noso Pai, dámosche grazas porque ao celebrar cada semana a fe coesmal fasnos descubrir a gloria das nosas vidas, reflexo da gloria de Xesús e anticipo daquela gloria definitiva, á que nos chamas.

Hoxe amósanos no alto do monte a Cristo, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as comodidades, para remendar a nosa vida con **ESFORZO E LOITA**.*

*A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coesma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o **REMENDO** de hoxe*

**ESFORZO E LOITA**

(Repartimos os remendo para levalos para a casa)

*Avisase das misas (ver folla do mes)*

*Antes de marcharnos queremos dicirvos que esta semana Os Cotos (as dez parroquias) aportamos un total de 2.250 euros a caritas para Turquía e Siria. Esta solidariedade fala moito e ben de nós. Grazas*

*Que teñamos un bo día, unha boa coesma, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.  
Podémosnos ir en paz.*



*“Na vida arrincamos as comodidade e remendamos co **ESFORZO E A LOITA**”*

*Facendo camiño da Coesma á Pascua con Cristo*

